



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO E A ASOCIACIÓN DE EDUCACIÓN AMBIENTAL E DO CONSUMIDOR (ADEAC) PARA O DESENVOLVEMENTO DA CAMPAÑA BANDEIRA AZUL 2026 EN GALICIA

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, representada por Ángeles Vázquez Mejuto, de acordo co Decreto 44/2024, de 14 de abril, do seu nomeamento, intervindo en representación da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa Presidencia, e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

E por outra, don José Palacios Aguilar, Presidente da Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor (en diante ADEAC), inscrita no Rexistro Nacional de Asociacións co número 57.492 e NIF G28988376.

Ambas as dúas partes recoñécense reciprocamente a capacidade e lexitimación necesarias para suscribir o presente convenio, e para tal efecto.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA ADMINISTRACIÓN GENERAL DE LA XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DE LA CONSEJERÍA DE MEDIO AMBIENTE Y CAMBIO CLIMÁTICO, Y LA ASOCIACIÓN DE EDUCACIÓN AMBIENTAL Y DEL CONSUMIDOR (ADEAC) PARA EI DESARROLLO DE LA CAMPAÑA BANDERA AZUL 2026 EN GALICIA

REUNIDOS

De una parte, la e Consejería de Medio Ambiente y Cambio Climático, representada por Ángeles Vázquez Mejuto, de acuerdo con el Decreto 44/2024, de 14 de abril, de su nombramiento, interviniendo en representación de la Xunta de Galicia, en virtud de las atribuciones conferidas en el artículo 34 de la Ley 1/1983, de 22 de febrero, de normas reguladoras de la Xunta de Galicia y de su Presidencia, y el artículo 2 de la Resolución de 8 de abril de 1991, por la que se publica el Acuerdo del Consello de la Xunta de Galicia del 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con otros entes públicos y de colaboración con particulares.

Y por otra, don José Palacios Aguilar, Presidente de la Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (en adelante ADEAC), inscrita en el Registro Nacional de Asociaciones con el número 57.492 y NIF G28988376.

Ambas partes se reconocen recíprocamente la capacidad y legitimación necesarias para suscribir el presente convenio, y para tal efecto.





EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A campaña Bandeira Azul para praias desenvólvese por unha organización non governamental, sen ánimo de lucro, a “Fundación para a Educación Ambiental (FEE)”. Esta campaña comeza en Francia no ano 1985, e esténdese en Europa dende 1987. Posteriormente difundíuse máis aló do continente europeo cando, a partir do ano 2001, se une Sudáfrica. Actualmente, uns 50 países en catro continentes participan en Bandeira Azul. A campaña esfórzase en promover o desenvolvemento sostible das zonas litorais, a través da esixencia duns estándares elevados en calidade das augas de baño, a seguridade, a xestión ambiental e a educación para a sostibilidade.

A Fundación para a Educación Ambiental (FEE) está constituída por unhas 80 ONG (Organizacións Non Governamentais ou agrupacións destas), unha por cada estado participante. ADEAC (Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor), formalizada legalmente en 1984, é o membro fundador e responsable para España da FEE.

A campaña Bandeira Azul é convocada anualmente por esta organización, participando a Comunidade Autónoma de Galicia dende o ano 1987 ininterrompidamente.

SEGUNDO.- Segundo declaración expresa do Director Executivo da FEE, de xaneiro de 2023, ADEAC é o seu único membro representante en

EXPONEN

PRIMERO.- La campaña Bandera Azul para playas se desarrolla por una organización no gubernamental, sin ánimo de lucro, la “Fundación para la Educación Ambiental (FEE)”. Esta campaña comienza en Francia en el año 1985, y se extiende en Europa desde 1987. Posteriormente se difundió más allá del continente europeo cuando, a partir del año 2001, se une Sudáfrica. Actualmente, unos 50 países en cuatro continentes participan en Bandera Azul. La campaña se esfuerza en promover el desarrollo sostenible de las zonas litorales, a través de la exigencia de unos estándares elevados en calidad de las aguas de baño, la seguridad, la gestión ambiental y la educación para la sostenibilidad.

La Fundación para la Educación Ambiental (FEE) está constituida por unas 80 ONGS (Organizaciones No Gubernamentales o agrupaciones de estas), una por cada estado participante. ADEAC (Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor), formalizada legalmente en 1984, es el miembro fundador y responsable para España de la FEE.

La campaña Bandera Azul es convocada anualmente por esta organización, participando la Comunidad Autónoma de Galicia desde el año 1987 ininterrompidamente.

SEGUNDO.- Según declaración expresa del Director Ejecutivo de la FEE, de enero de 2023, ADEAC es su único miembro representante en





España. Por iso ADEAC é a única entidade legalmente autorizada para desenvolver Programas Internacionais da FEE en España (Bandeira Azul, Ecoescolas Xoves, Mozos Reporteiros para o Medio Ambiente, Bosques na Escola e a Chave Verde).

Estes programas desenvólvense a nivel internacional co apoio e/ou en cooperación con dúas axencias das Nacións Unidas: PNUMA_UNEP (Programa de Nacións Unidas para o Medio Ambiente) e a UNWTO (Organización Mundial do Turismo), así como un amplo apoio dos gobernos, rexións e concellos implicados.

TERCEIRO.- A súa satisfacción polo desenvolvemento da Campaña Bandeira Azul 2025 en España e especialmente en Galicia, que supuxo que 108 praias, 12 portos deportivos foran galardonados. Iso supón o 17% sobre o total español no caso das praias e arredor do 12% do total dos portos españois galardonados en 2025, apuntando un aumento significativo dende 1987 pese ao endurecemento dos criterios de concesión.

CUARTO.- A reafirmación da idoneidade da Campaña Bandeira Azul, non só na difusión exterior dos esforzos realizados polas comunidades autónomas e municipios litorais, así como pola Administración do Estado español na mellora das nosas praias e os seus ámbitos, senón da potenciación dun concepto de turismo ligado a un desenvolvemento sostido e conservación responsable da natureza.

España. Por eso ADEAC es la única entidad legalmente autorizada para desarrollar Programas Internacionales de la FEE en España (Bandera Azul, Ecoescuelas, Jóvenes Reporteros para el Medio Ambiente, Bosques en la Escuela y la Llave Verde).

Estos programas se desarrollan a nivel internacional con el apoyo y/o en cooperación con dos agencias de las Naciones Unidas: PNUMA_UNEP (Programa de Naciones Unidas para el Medio Ambiente) y la UNWTO (Organización Mundial del Turismo), así como un amplio apoyo de los gobernos, regiones y ayuntamientos implicados.

TERCERO.- Su satisfacción por el desarrollo de la Campaña Bandera Azul 2025 en España y especialmente en Galicia, que supuso que 108 playas, y 12 puertos deportivos foran galardonados. Ello supone el 17% sobre el total español en el caso de las playas y alrededor del 12% del total de los puertos españoles galardonados en 2025, apuntando un aumento significativo desde 1987 pese al endurecimiento de los criterios de concesión.

CUARTO.- La reafirmación de la idoneidad de la Campaña Bandera Azul, no solo en la difusión exterior de los esfuerzos realizados por las comunidades autónomas y municipios litorales, así como por la Administración del Estado español en la mejora de nuestras playas y sus ámbitos, sino de la potenciación de un concepto de turismo ligado a un desarrollo sostenible y conservación responsable de la naturaleza.





QUINTO.- Que ADEAC desenvolve a Campaña, dende o seu inicio en 1987, de forma desinteresada en Galicia, sen contraprestación algunha por parte dos municipios participantes e/o galardoados na Comunidade Autónoma Galega. O aumento do número de municipios participantes e/o galardoados na comunidade autónoma Galega, o aumento do número de municipios implicados, a análise e seguimento do crecente número de solicitudes, así como o crecente volume dos materiais distribuídos e das accións complementarias desenvolvidas, esixen unha dedicación cada vez maior de medios humanos, instrumentais e económicos, que supera as previsións iniciais e esixe unha reflexión e corresponsabilidade sobre a súa evolución futura, máxime tendo en conta que se trata dunha organización sen ánimo de lucro.

SEXTO.- Que contándose entre as competencias da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (en adiante CMACC):

- A conservación, protección, uso sostible, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.
- A divulgación dos valores do patrimonio natural.
- A xestión dos hábitats naturais, da flora e fauna silvestres, das paisaxes naturais e dos elementos singulares da xeografía da Comunidade Autónoma de Galicia.
- O desenvolvemento e dinamización do uso público e recreativo do medio natural.
- A promoción e defensa integral da natureza e dos elementos que a compoñen.

QUINTO.- Que ADEAC desarrolla la Campaña, desde su inicio en 1987, de forma desinteresada en Galicia, sin contraprestación alguna por parte de los municipios participantes y/o galardonados en la Comunidad Autónoma Gallega. El aumento del número de municipios participantes y/o galardonados en la comunidad autónoma gallega, el aumento del número de municipios implicados, el análisis y seguimiento del creciente número de solicitudes, así como el creciente volumen de los materiales distribuidos y de las acciones complementarias desarrolladas, exigen una dedicación cada vez mayor de medios humanos, instrumentales y económicos, que supera las previsiones iniciales y exige una reflexión y corresponsabilidad sobre su evolución futura, máxime toda vez que se trata de una organización sin ánimo de lucro.

SEXTO.- Que contándose entre las competencias de Consejería de Medio Ambiente y Cambio Climático, (en adelante CMACC):

- La conservación, protección, uso sostenible, mejora y restauración del patrimonio natural y de la biodiversidad de Galicia.
- La divulgación de los valores del patrimonio natural.
- La gestión de los hábitats naturales, de la flora y fauna silvestre, de los paisajes naturales y de los elementos singulares de la naturaleza de la Comunidad Autónoma de Galicia.
- El desarrollo y dinamización del uso público y recreativo del medio natural.
- La promoción y defensa integral de la naturaleza y de los elementos que la componen.





E sendo as de ADEAC a realización de actividades dirixidas á información, educación e concienciación medioambiental da poboación, e en particular, o desenvolvemento de campañas como Bandeira Azul en España, esforzándose a campaña Bandeira Azul en promover o desenvolvemento sostible das zonas litorais, a través da esixencia duns estándares elevados na calidade das augas de baño; a seguridade, servizos e instalacións; a xestión ambiental e a información e educación para a sostibilidade.

Por todo iso, o obxectivo final do galardón Bandeira Azul, a medio prazo, é conseguir un desenvolvemento sostible do turismo e unha xestión ambiental no conxunto do litoral, o que conleva a unha conservación das áreas naturais litorais.

SÉTIMO.- ADEAC cumpre todos os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario.

Neste contexto, ambas as dúas partes comprométense a aceptar as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do presente convenio é o desenvolvemento da Campaña Bandeira Azul 2026 en Galicia.

SEGUNDA.- OBRIGACIÓNS DAS PARTES

Y siendo las de ADEAC la realización de actividades dirigidas a la información, educación y concienciación medioambiental de la población, y en particular, el desarrollo de campañas como Bandera Azul en España, esforzándose la campaña Bandera Azul en promover el desarrollo sostenible de las zonas litorales, a través de la exigencia de unos estándares elevados en la calidad de las aguas de baño; la seguridad, servicios e instalaciones; la gestión ambiental y la información y educación para la sostenibilidad.

Por todo ello, el objetivo final del galardón Bandera Azul, a medio plazo, es conseguir un desarrollo sostenible del turismo y una gestión ambiental en el conjunto del litoral, lo que conlleva a una conservación de las áreas naturales litorales.

SÉPTIMO.- ADEAC cumple todos los requisitos establecidos en el artículo 10 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia para obtener la condición de beneficiario.

En este contexto, ambas partes se comprometen a aceptar las siguientes

CLÁUSULAS

PRIMERA.- OBJETO DEL CONVENIO

El objeto del presente convenio es el desarrollo de la Campaña Bandera Azul 2026 en Galicia.

SEGUNDA.- OBLIGACIONES DE LAS PARTES





Obrigas de ADEAC

ADEAC comprométese á realización das accións que a continuación se relacionan:

1. Convocatoria da Campaña Bandeira Azul.
2. Xestión e estudo das candidaturas de praias procedentes da Comunidade Autónoma de Galicia.
3. Coordinación entre os servizos periféricos de Costas e os Concellos, no marco da Lei de Costas.
4. Solicitude de informes nacionais sobre o cumprimento da Directiva de Augas Residuais Urbanas e da Directiva de Calidade de Augas de Baño.
5. Convocatoria e Organización do Xurado Bandeira Azul 2026.
6. Xestión e estudo das candidaturas a Mencións Especiais e Centros Azuis e convocatoria dos Xurados específicos.
7. Intemediación co Xurado Internacional Bandeira Azul 2026.
8. Convocatoria e organización da rolda de prensa Bandeira Azul 2026.
9. Participación na cerimonia de entrega de Bandeiras Azuis.
10. Producción e envío das bandeiras azuis, previamente á cerimonia de entrega. O proceso de fabricación das bandeiras será respectuoso co medio ambiente, a súa tirada limitada e controlada a nivel internacional e incluírá o ano da súa concesión.
11. Realización de inspeccións ás praias galardoadas con Bandeira Azul 2026 e potenciais candidaturas para futuras campañas.

Deberes de ADEAC

ADEAC se compromete a la realización de las acciones que a continuación se relacionan:

1. Convocatoria de la Campaña Bandera Azul.
2. Gestión y estudio de las candidaturas de playas procedentes de la Comunidad Autónoma de Galicia.
3. Coordinación entre los servicios periféricos de Costas y los Ayuntamientos, en el marco de la Ley de Costas.
4. Solicitud de informes nacionales sobre el cumplimiento de la Directiva de Aguas Residuales Urbanas y de la Directiva de Calidad de Aguas de Baño .
5. Convocatoria y Organización del Jurado Bandera Azul 2026.
6. Gestión y estudio de las candidaturas a Menciones Especiales y Centros Azules y convocatoria de los Jurados específicos.
7. Intermediación con el Jurado Internacional Bandera Azul 2026.
8. Convocatoria y organización de la rueda de prensa Bandera Azul 2026.
9. Participación en la ceremonia de entrega de Banderas Azules.
10. Producción y envío de las banderas azules previamente a la ceremonia de entrega. El proceso de fabricación de las banderas será respetuoso con el medio ambiente, su tirada limitada y controlada a nivel internacional e incluírá el año de su concesión.
11. Realización de inspecciones a las playas galardonadas con Bandera Azul 2026 y potenciales candidatas para futuras campañas.





| | |
|---|---|
| <p>12. Tramitación de queixas e suxerencias por parte dos usuarios das praias galardoadas con Bandeira Azul da Comunidade Autónoma de Galicia.</p> <p>13. Elaboración de materiais de educación ambiental para os participantes.</p> <p>14. Comunicación e difusión do programa Bandeira Azul.</p> <p>15. Outras actividades no marco do programa Bandeira Azul.</p> <p>16. Asistencia a reunións e congresos nacionais e internacionais e participación en grupos de investigación.</p> <p>17. Elaboración de memorias.</p> <p>Así mesmo, ADEAC facilitará toda a información que lle sexa requirida pola CMACC en relación coa xustificación do convenio, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda.</p> <p>ADEAC reintegrará total ou parcialmente, a compensación económica percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio.</p> <p>Obrigas da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.</p> <p>Pola súa parte, a CMACC comprométese á realización das seguintes accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Achega dos datos técnicos sobre a calidade sanitaria das augas de baño, facilitados pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería | <p>12. Tramitación de quejas y sugerencias por parte de los usuarios de las playas galardonadas con Bandera Azul de la Comunidad Autónoma de Galicia.</p> <p>13. Elaboración de materiales de educación ambiental para los participantes.</p> <p>14. Comunicación y difusión del Programa Bandera Azul.</p> <p>15. Otras actividades en el marco del Programa Bandera Azul.</p> <p>16. Asistencia a reuniones y congresos nacionales e internacionales y participación en grupos de investigación.</p> <p>17. Elaboración de memorias.</p> <p>Asimismo, ADEAC facilitará toda la información que le sea requerida por la CMACC en relación con la justificación del convenio, así como por la Intervención General de la Comunidad Autónoma, por el Tribunal de Cuentas y por el Consejo de Cuentas en el ejercicio de sus funciones de fiscalización y control del destino de la ayuda.</p> <p>ADEAC reintegrará total o parcialmente, la compensación económica percibida en el supuesto de incumplimiento de las condiciones establecidas en este convenio.</p> <p>Deberes de la Consejería de Medio Ambiente, y Cambio Climático.</p> <p>Por su parte, la CMACC se compromete a la realización de las siguientes acciones:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Aportación de los datos técnicos sobre la calidad sanitaria de las aguas de baño, facilitados por la Dirección General de Salud Pública de la |
|---|---|





de Sanidade, e colaboración nas tarefas de inspección nas praias de Galicia.

- Participación naquelas reunións preparatorias e de coordinación da campaña, así como no xurado nacional español de forma conxunta coas demais comunidades litorais.
- Realización de labores de intermediación entre a campaña e os concellos litorais de Galicia tales como celebración das cerimonia de entrega de bandeiras, etc.; de forma coordinada coa mencionada organización.
- Comunicación a ADEAC daquelas anomalías detectadas, no cumprimento dos criterios de concesión, nas praias galardoada na Comunidade Autónoma de Galicia. Con independencia das actuacións necesarias para a súa corrección, dentro das competencias da CMACC esta poderá ademais instar ao municipio á retirada da Bandeira Azul en tanto persistan as condicións anómalas detectadas.
- Organización da cerimonia de entrega de Bandeiras Azuis ás praias galardoada; ADEAC terá, coa suficiente antelación, noticia da data da cerimonia de entrega, en orden a posibilitar a súa participación.
- Financiar as actividades definidas neste convenio.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO

A CMACC achegará á finalidade deste convenio a cantidade de cincuenta e nove mil cincocentos euros (59.500,00 €), que se financiará con cargo á partida orzamentaria 06.04.541B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, código de proxecto 2016

Consejería de Sanidad, y colaboración en las tareas de inspección en las playas de Galicia.

- Participación en aquellas reuniones preparatorias y de coordinación de la campaña, así como en el jurado nacional español de forma conjunta con las demás comunidades litorales.
- Realización de labores de intermediación entre la campaña y los ayuntamientos litorales de Galicia tales como celebración de las ceremonias de entrega de banderas, etc.; de forma coordinada con la mencionada organización.
- Comunicación a ADEAC de aquellas anomalías detectadas, en el cumplimiento de los criterios de concesión, en las playas galardonadas en la Comunidad Autónoma de Galicia. Con independencia de las actuaciones necesarias para su corrección, dentro de las competencias de la CMACC, esta podrá además instar al municipio a la retirada de la Bandera Azul en tanto persistan las condiciones anómalas detectadas.
- Organización de la ceremonia de entrega de Banderas Azules a las playas galardonadas; ADEAC tendrá, con la suficiente antelación, noticia de la fecha de la ceremonia de entrega, en orden a posibilitar su participación.
- Financiar las actividades definidas en este convenio.

TERCERA.- FINANCIACIÓN

La CMACC aportará a la finalidad de este convenio la cantidad de cincuenta y nueve mil quinientos euros (59.500,00 €), que se financiará con cargo a la partida presupuestaria 06.04.541B.481.0 de los presupuestos generales de la Comunidad Autónoma de Galicia para el año 2026, código de proyecto 2016





00362.

CUARTA.- RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En consecuencia ADEAC, na súa condición de beneficiaria, asume os compromisos establecidos no artigo 11 da citada Lei, en concreto:

1º. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

2º. Xustificar ante a CMACC a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.

3º. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a CMACC a así como, a calquera outra actuación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4º. Comunicarlle á CMACC a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

5º. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

00362.

CUARTA.- RÉGIMEN DE JUSTIFICACIÓN Y PAGO

Será de aplicación lo dispuesto en la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia y en su reglamento de desarrollo aprobado por el Decreto 11/2009, de 8 de enero. En consecuencia ADEAC, en su condición de beneficiaria, asume los compromisos establecidos en el artículo 11 de la citada Ley, en concreto:

1º. Cumplir el objetivo, ejecutar el proyecto, realizar la actividad o adoptar el comportamiento que fundamenta la concesión de la subvención.

2º. Justificar ante la CMACC a realización de la actividad y el cumplimiento de la finalidad que determinen la concesión o el disfrute de la subvención.

3º. Someterse a las actuaciones de comprobación que efectuará la CMACC así como, a cualquier otra actuación y control financiero que puedan realizar los órganos de control competentes, para lo cual se aportará cuanta información le sea requerida en el ejercicio de las actuaciones anteriores.

4º. Comunicarle a la CMACC la obtención de otras subvenciones, ayudas, ingresos o recursos que financien las actividades subvencionadas.

5º. Conservar los documentos justificativos de la aplicación de los fondos recibidos, incluídos los documentos electrónicos, en tanto puedan ser objeto de las actuaciones de comprobación y control.





| | |
|---|--|
| <p>En canto ao réxime de xustificación dos gastos, ADEAC asume como beneficiaria as seguintes obrigas:</p> <p>1º. De acordo co previsto no artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia, unha vez rematadas as actuacións deberá xustificar perante a CMACC o cumprimento das condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos.</p> <p>Considerarase gastos subvencionables aqueles que, de feito indubidable, respondan á natureza das actividades subvencionables, correspondan ao desenvolvemento da campaña Bandeira Azul 2026 e se realicen e xustifiquen dende o 1 de novembro de 2025 ata o 31 de outubro de 2026.</p> <p>Para estes efectos, antes do 16 de novembro de 2026 ADEAC achegará os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos xunto cunha memoria explicativa do custo das actividades realizadas.</p> <p>Os pagamentos e as xustificacións dos gastos axustaranse ao disposto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.</p> <p>2º. Facilitarlle, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención obxecto deste convenio.</p> | <p>En cuanto al régimen de justificación de los gastos, ADEAC asume cómo beneficiaria los siguientes deberes:</p> <p>1º. De acuerdo con el previsto en el artículo 28 de la Ley de Subvenciones de Galicia, una vez finalizadas las actuaciones deberá justificar ante la CMACC el cumplimiento de las condiciones de la ejecución y la consecución de los objetivos previstos.</p> <p>Se considerarán gastos subvencionables aquellos que, de hecho indudable, respondan a la naturaleza de las actividades subvencionables, se correspondan al desarrollo de la Campaña Bandera Azul 2026 y se realicen y justifiquen desde el 1 de noviembre de 2025 hasta el 31 de octubre de 2026.</p> <p>Para estos efectos, antes del 16 de noviembre de 2026 ADEAC aportará los correspondientes justificantes de gastos y de pagos junto con una memoria explicativa del coste de las actividades realizadas.</p> <p>Los pagos y las justificaciones de los gastos se ajustarán a lo dispuesto en el Decreto 11/2009, de 8 de enero, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia.</p> <p>2º. Facilitar, si fuera el caso, toda la documentación que requiera la Intervención de la Comunidad Autónoma, el Tribunal de Cuentas y el Consejo de Cuentas, en el ejercicio de sus funciones de fiscalización y control del destino de la subvención objeto de este convenio.</p> |
|---|--|





3º. Comunicar á CMACC, de ser o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

De acordo co artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando as actividades fosen financiadas ademais de coa subvención, con fondos propios ou outra subvencións e recursos, deberán acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

O importe total das axudas recibidas para o obxecto da subvención non poderá superar o 100% do custo total do gasto.

4º. Reintegrar á CMACC, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a cantidade percibida e o interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o procedemento de reintegro para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Créase unha comisión paritaria, formada por un representante da CMACC e outro representante de ADEAC, para o seguimento do grao de cumprimento dos compromisos contraídos.

3º. Comunicar a la CMACC, en su caso, las alteraciones en las condiciones tenidas en cuenta para la concesión de la ayuda objeto de este convenio y, en todo caso, la obtención concorrente de subvenciones o ayudas otorgadas por otras administraciones, entes públicos o privados, nacionales o internacionales a los efectos de proponer, si procede, la modificación de las condiciones establecidas en este convenio.

De acuerdo con el artículo 28.6 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, cuando las actividades fueran financiadas además de con la subvención, con fondos propios u otra subvenciones y recursos, deberán acreditarse en la justificación el importe, origen y aplicación de tales fondos a las actividades subvencionadas.

El importe total de las ayudas recibidas para el objeto de la subvención no podrá superar el 100% del coste total del gasto.

4º. Reintegrar a la CMACC, de acuerdo con el artículo 33 de la Ley 9/2007, de 13 de junio, la cantidad percibida y el interés de demora correspondiente desde el momento del pago de la subvención hasta la fecha en la que se acuerde el procedimiento de reintegro para el caso de incumplimiento de las condiciones en él establecidas.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Se crea una comisión paritaria, formada por un representante de la CMACC y otro representante de ADEAC, para el seguimiento del grado de cumplimiento de los compromisos contraídos.





SEXTA.- VIXENCIA

A vixencia do presente convenio comprenderá a campaña para o ano 2026 e, en calquera caso, ata o **31 de decembro de 2026**.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento, de mutuo acordo.

OITAVA.- CAUSAS DE EXTINCIÓN

Este convenio extinguirase por mutuo acordo das partes, polo incumprimento reiterado por calquera das partes das obrigas adquiridas, ou por cambios na normativa que motivou a subscrición do mesmo.

NOVENA.- NATUREZA E XURISDICCIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa, correspondéndolle o coñecemento das cuestións que puidesen xurdir sobre a súa interpretación, execución ou cumprimento á CMACC.

A xurisdición competente para resolver as cuestións litixiosas que poidan xurdir é a contenciosa-administrativa.

En todo o non recollido neste convenio, no que o réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, máis concretamente, na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento de desenvolvemento.

SEXTA.- VIGENCIA

La vigencia del presente convenio comprenderá la campaña para el año 2026 y, en cualquier caso, hasta el **31 de diciembre de 2026**.

SÉPTIMA.- MODIFICACIONES DEL CONVENIO

Las partes podrán modificar el presente convenio en cualquier momento, de mutuo acuerdo.

OCTAVA.- CAUSAS DE EXTINCIÓN

Este convenio se extinguirá por mutuo acuerdo de las partes, por el incumplimiento reiterado por cualquiera de las partes de los deberes adquiridos, o por cambios en la normativa que motivó la suscripción del mismo.

NOVENA.- NATURALEZA Y JURISDICCIÓN COMPETENTE

Este convenio tiene naturaleza administrativa, correspondiéndole el conocimiento de las cuestiones que pudieran surgir sobre su interpretación, ejecución o cumplimiento a la CMACC.

La jurisdicción competente para resolver las cuestiones litigiosas que puedan surgir es la contenciosa-administrativa.

En todo lo no recogido en este convenio, en lo que al régimen de financiación se refiere, se estará a lo dispuesto en la normativa de aplicación en materia de ayudas y subvenciones, más concretamente, en la Ley 9/2007, de 13 de julio, de subvenciones de Galicia y en su Reglamento de desarrollo.





DÉCIMA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm.149 do 3 de agosto).

DÉCIMO PRIMEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO SEGUNDA.- RELACIÓN LABORAL

A subscripción do presente convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a CMACC de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

DÉCIMA.- PUBLICIDAD

La firma del presente convenio supondrá el consentimiento expreso de las partes firmantes para incluir y hacer públicos los datos personales que consten en el convenio, y el resto de especificaciones contenidas en el mismo, de conformidad con el artículo 15 de la Ley 1/2016, de 18 de enero, de transparencia y buen gobierno (DOG núm. 30 de febrero) y el Decreto 126/2006, de 20 de julio , por el que se regula el registro de convenios de la Xunta de Galicia (DOG núm.149 de 3 de agosto).

DÉCIMO PRIMERA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL

Las partes firmantes se obligan al cumplimiento del Reglamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en el que respeta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por lo que se deroga la Directiva 95/46/CE (Reglamento general de protección de datos), de la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales, y demás normativa vigente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO SEGUNDA.- RELACIÓN LABORAL

La suscripción del presente convenio no conlleva relación laboral contractual o de cualquier otro tipo entre los profesionales que vayan a desarrollar las actividades y la CMACC de manera que no se le podrá exigir responsabilidad alguna, ni directa, ni indirecta o subsidiaria, por los actos o hechos acaecidos en el desarrollo del mismo.





DÉCIMO TERCEIRA.- TRAMITACIÓN

O presente convenio tramitase de acordo co establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2026.

E en proba de conformidade con todo o anteriormente exposto e estipulado, asinan ambas as dúas partes o presente convenio, no lugar e data da sinatura dixital.

DECIMOTERCERA .- TRAMITACIÓN

El presente convenio se tramitará de acuerdo con lo establecido en la Orden de 11 de febrero de 1998 por la que se regula la tramitación anticipada de expedientes de gasto, quedando condicionando a la existencia de crédito adecuado y suficiente en los presupuestos de la Comunidad Autónoma para el año 2026.

Y en prueba de conformidad con todo el anteriormente expuesto y estipulado, firman ambas partes el presente convenio, en el lugar y fecha de la firma digital.

A Conselleira de Medio Ambiente
e Cambio Climático

O Presidente de ADEAC

Ángeles Vázquez Mejuto

José Palacios Aguilar





ANEXO
RELACIÓN VALORADA

| CONCEPTO | IMPORTE |
|---|---------------|
| Convocatoria da Campaña Bandeira Azul 2026 | 4.000 |
| Xestión e estudo de candidaturas, informes de cumprimento da lexislación da Costas, Augas Residuais e Augas de Baño | 11.500 |
| Xurados Nacional, Internacional e específicos para Mencions Especiais | 10.000 |
| Rolda de prensa Bandeira Azul 2026 e outras accións de comunicación e difusión da campaña | 3.200 |
| Participación na cerimonia de entrega de Bandeiras Azuis, Custo da produción e envío das Bandeiras Azuis | 5.600 |
| Asesoramento aos concellos durante a tempada de baños: inspeccións ás praias, tramitación de queixas e suxerencias | 18.000 |
| Accións formativas no marco da Campaña Bandeira Azul: elaboración ambiental; participación en reunións, congresos e grupos de investigación; outras accións | 3.750 |
| Realización de memorias técnica e económica | 3.450 |
| TOTAL CONVENIO | 59.500 |

| CONCEPTO | IMPORTE |
|--|---------------|
| Convocatoria de la Campaña Bandera Azul 2026 | 4.000 |
| Gestión y estudio de candidaturas, informes del cumplimiento de la legislación de Costas, Aguas Residuales y Aguas de Baño | 11.500 |
| Jurados Nacional, Internacional y específicos para Menciones Especiales | 10.000 |
| Rueda de prensa Bandera Azul 2026 y otras acciones de comunicación y difusión de la campaña | 3.200 |
| Participación en la ceremonia de entrega de Banderas Azules. Coste de la producción y envío de las Banderas Azules | 5.600 |
| Asesoramiento a los municipios durante la temporada de baños; inspecciones a las playas; tramitación de quejas y sugerencias | 18.000 |
| Acciones formativas en el marco del programa Bandera Azul: elaboración de materiales de Educación Ambiental; participación en reuniones, congresos y grupos de investigación; otras acciones | 3.750 |
| Realización de memorias técnicas e económica | 3.450 |
| TOTAL CONVENIO | 59.500 |

